

Presentación do número

A revista **ambientalMENTEsustentable** nace coa intención de converterse nunha publicación científica que permita o intercambio e a divulgación das investigacións e reflexións que se están a facer no ámbito da **educación ambiental** desde distintas áreas científicas. O obxectivo é abordar cunha perspectiva interdisciplinar os actuais problemas e retos socioambientais, así como presentar iniciativas e prácticas innovadoras que supoñen avances no ámbito da conservación, da equidade, do desenvolvemento humano e da xestión responsable dos recursos.

A crise ambiental esixe a realización de todos os esforzos teóricos posibles así como a divulgación das boas prácticas que contribúan a reducir o noso impacto degradante dos sistemas biolóxicos que sustentan a vida na Terra. Así como durante varias décadas do século XX os temas ambientais foron o centro da preocupación dun número relativamente reducido de especialistas, principalmente vinculados ás ciencias da vida e ás ciencias sociais, a evidencia da crise, impón a necesidade de reflexionar a toda a sociedade sobre un modelo económico que se basa no uso ineficiente dos recursos, do deterioro dos ecosistemas, e da inequidade social. Os impactos sobre a sociedade actual e as consecuencias para as xeracións futuras levan a que o medio ambiente e a sustentabilidade sexan motivo de reflexión e traballo de practicamente todas as disciplinas do coñecemento científico.

Aínda que para as persoas que desenvolvemos o noso traballo no ámbito da educación ambiental sexa unha evidencia, é conveniente insistir en que os problemas ambientais non son problemas da natureza, senón da sociedade que os provoca e, compre decir, que os padece. E que a fascinación tecnolóxica, a ilusión espúrea que acredita en que a tecnoloxía asociada ao coñecemento científico vai ser quen de resolver todos os nosos problemas, é teimudamente contradecida pola evidencia da realidade. Xa que a educación ten ante sí o desafío de axudarnos a xestionar mellor o mundo, e as nosas vidas, a educación ambiental

ten ante sí o desafío de ensinarnos a xestionar o medio ambiente do que depende o noso futuro como sociedade.

Este número recolle moitas das aportacións elaboradas polas persoas que participaron como poñentes no Seminario Internacional de Perfeccionamiento de Educación Ambiental celebrado no CEIDA (Galicia-España) nos días 23 ao 25 de novembro, baixo o título *“pensar estratéxicamente”*. O fin do Seminario foi dobre, para o que se contou coa colaboración de moitas das persoas especialistas en distos ámbitos: por unha banda presentar a traxectoria da educación ambiental no Estado español nos 30 últimos anos, a modo de balance, e propoñer retos a curto e medio prazo e, por outra banda, compar-

tir esta visión cos representantes expertos en educación ambiental de algún dos países lusófonos, co fin de xerar espazos de cooperación e intercambio. Neste caso a lingua común convirtese nunha oportunidade para a cooperación que se consolidará no Simposium Lusófono-Galego que se celebrará en outubro do 2007 na cidade de Santiago de Compostela (Galicia).

Como calquera outra revista científica, os números seguintes están abertos á colaboración das persoas investigadoras e profesionais que dende calquera ámbito do coñecemento poidan aportar luz a un problema que compete a todos e todas: o futuro común no Planeta Terra.

Consello de Dirección